

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (2021 -2022)

2º NIVEL E.P.

M<sup>a</sup> José Iglesias Valiño

M<sup>a</sup> Carmen Rendo Caneda

Ceip Plurilingüe Os Tilos

## INDICE

### 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN4

- Características do centro:4
- Características do alumnado:4
- Equipo de profesores do nivel:5

### 2. METODOLOXÍA5

- Agrupamentos e espazos7
- Organización do tempo8
- Materiais e recursos didácticos8
- Relación familia-escola10
- Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.11
- Método alternativo á aula virtual para comunicación coas familias e mantemento da actividade lectiva a distancia.11
- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática12
- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado12

### 3. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES PARA CADA ÁREA.12

- Obxectivos xerais de etapa12
- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de cada área.15
- PERFIL COMPETENCIAL104

### 4. AVALIACIÓN105

- Que, como e cando avaliar105
- AVALIACIÓN INICIAL: deseño e medidas a adoptar.106
- Procedementos, instrumentos de avaliación106
- Cualificacións e criterios de promoción do alumnado.107
- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente109

### 5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE113

## **6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES117**

## **7. TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES118**

## **8. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO118**

- Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación (PLAN TIC)118
- Proxecto lector119
- Proxecto lingüístico do centro119
- Plan de biblioteca119
- Plan de convivencia do centro121
- Proxecto de aula: educación vial con intelixencia emocional123

## **9. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA123**

- Procedementos para avaliar a propia programación¡Error! Marcador no definido.
- Rúbrica de avaliación¡Error! Marcador no definido.

## **10. REFERENCIAS LEXISLATIVAS127**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación didáctica serve para que planifiquemos a posta en marcha do proceso de ensino-aprendizaxe e ademais orientanos na práctica educativa. Está pensada para o **2º nivel do CEIP Plurilingüe Os Tilos** e elaborada polas mestras titoras de 2º cursos.

Como 3º nivel de concreción curricular elaborouse a partir do Proxecto Educativo do centro e do **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia** e, polo tanto, no marco da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) que modifica no seu articulado á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE). Así mesmo, realizouse en coherencia cos materiais gráficos utilizados no nivel (libros e material da Editorial Santillana Colección CINCO EN RAIA, 2º nivel).

Ao longo desta programación recóllense e especificanse como aspectos fundamentais, aqueles que, en liñas xerais, van ser iguais ou semellantes en todas as unidades (metodoloxía, avaliación, recursos, indicadores, atención á diversidade, plan lector, tics.).

### Características do centro:

O CEIP Plurilingüe Os Tilos está situado no Concello de Teo. O recinto escolar atópase no centro urbano e a el asisten nenos e nenas que non necesitan o servizo de transporte escolar.

Neste CEIP impártense os tres niveis do segundo ciclo de Educación Infantil así como os seis cursos de Educación Primaria.

O obxectivo fundamental do centro é promover o desenvolvemento integral do alumnado.

### Características do alumnado:

No segundo nivel de Educación Primaria están escolarizados alumnos/as procedentes dos arredores dos Tilos e residentes no concello de Teo. Este alumnado está repartido en dous grupos.

Na aula de 2ºA están escolarizados 15 nenos e nenas e na aula de 2º B 15 nenos/as. A maioría das familias leva aos seus fillos de forma esporádica ao cine, ao zoo, a

actividades culturais... e na maioría das veces dedícanlle o tempo libre a levalos ao parque, de paseo ou a actividades deportivas. Unha alta porcentaxe leva aos seus fillos a realizar rutas culturais e deportivas ao longo do ano.

A lingua habitual utilizada pola maioría do alumnado de 2º nivel é o castelán tanto na casa como na escola ou fóra dela.

En canto ao ritmo das aprendizaxes podemos destacar que a maioría segue sen dificultade as clases e algún necesita reforzo nas instrumentais. En xeral, son bastante dependentes, dado o número reducido de alumnado. Son moi comunicativos e participativos e presentan boa relación entre iguais.

### Equipo de profesores do nivel:

#### Titoras:

2º A: María José Iglesias Valiño

2º B: María Carmen Rendo Caneda

#### Especialistas:

Inglés: Paula Fuciños

Educación Física: José Carlos Rodríguez Morandeira

Educación Artística:

- Música: Sonia Iglesias Barreiro
- Plástica: María Carmen Rendo Caneda

Relixión Católica: Mª Virtudes Rodríguez Teijeiro

Audición e Linguaxe: Mª Inmaculada García Abalo

Pedagogía Terapéutica: Esther Fariña Santorum

## 2. METODOLOXÍA

No transcurso desta programación farase uso dunha metodoloxía **construtivista** na que, atendendo ás características das etapas de Piaget, o neno/a terá un **papel activo** participando autonomamente nas actividades que serán **globalizadas** (Principio defendido por Decroly) relacionando os contidos con outros xa adquiridos de maneira que se incide na Zona de Desenvolvemento Próximo de Vygotski no que o mestre terá un

**papel deguía** no proceso de ensino. Nesta programación, o alumnado estará implicado tanto física como emocionalmente, o que proporcionará unha **aprendizaxe significativa** defendida por Ausubel polo que se asegurará a relación das actividades de aprendizaxe coa vida do alumno/a partindo das experiencias que posúe, aproveitando os recursos do medio para que se achegue a outros ambientes diferentes ao seu polo que se proporán actividades a partir das súas vivencias como punto de partida para traballar un concepto novo.

Así, para comezar cada unidade ou presentar un novo contido, expoñeranse diferentes materiais, experiencias para falar co alumnado sobre o tema e o que eles saben del, o que lles suxire ou as experiencias que teñen sobre el, para activar os **coñecementos previos** que nos van servir tamén como avaliación inicial e para centrar a atención.

A todo isto seguiranlle actividades de desenvolvemento para aplicar o que os alumnos/as acaban de ler ou escoitar: resumos orais e escritos, preguntas de comprensión propostas por eles mesmos, polo libro de texto, polo profesor, etc.

Ao final de cada unidade, para reforzar a asimilación destes contidos, usaremos carteis con imaxes que sexan motivadoras, os cales se repasarán a miúdo.

Así mesmo, incluíranse nas unidades, na medida do posible, as actividades que se correspondan cos diferentes proxectos que se desenvolvan durante o curso, proxecto de Biblioteca, elaboración de textos para celebrar conmemoracións, etc.

Para levar a cabo todos os tipos de actividades seguirase o **principio de funcionalidade** das actividades nun ambiente de **confianza e afectividade** tal e como describe a díada de Zabalza. Con estes principios contribuirase a favorecer o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, tendo en conta tamén a **individualización** e a **socialización** á hora de realizar actividades. Así, o/a alumno/a realizará a aprendizaxe a través da acción, evitando que sexa un mero receptor pasivo de información.

Deste xeito, a aprendizaxe será **activa, motivadora e comprensiva**, xa que daremos prioridade á comprensión dos contidos que se traballan, fronte á súa aprendizaxe mecánica. Deben presentarse gradualmente as informacións dos contidos que se estudarán ao longo da unidade, apoiados con vídeos, láminas, libros, material do centro, materiais que aportan eles das súas casas e experimentos ou comprobacións do que estamos estudando.

Incidirase e repetirase moito para que se asimilen ben os contidos, mediante actividades de reforzo, que poden ser fichas fotocopiáveis ou recursos dixitais.

Proporcionaranse actividades diversas e secuenciadas por niveis de dificultade para facilitar a aplicación das aprendizaxes e a mellora das competencias clave tendo en conta os **diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe** do alumnado; polo que, se traballará sempre con **atención á diversidade**, segundo se indica no apartado de atención á diversidade, polo que será básica a coordinación co equipo de Orientación e cos distintos especialistas que imparten no curso.

A finalidade desta metodoloxía será que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma **autónoma**.

O traballo será sobre todo dinamizador. Tentarase que os alumnos/as non perdan a atención nin a **motivación**, intercalando actividades individuais e de grupo con diferentes técnicas como a investigación, xogos de palabras encadeadas cos fonemas que interesa traballar (orais e escritas), folio rotatorio (uns comezan certa actividade e os demais engaden ata rematar) , entre outras. Ademais, estimularase o **sentido da responsabilidade** individual e colectiva a través dun Proxecto Lector.

É moi importante o uso de recursos dixitais de diferente índole, utilizando tanto o encerado dixital como o ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia da aprendizaxe, actividades interactivas e unha coidada selección de ligazóns a Internet.

## ■ AGRUPAMENTOS E ESPAZOS

Os distintos tipos de agrupamento estarán sempre en función das necesidades e intereses pedagóxicos do momento e da actividade. Así, traballaremos con diferentes tipos de agrupamentos:

- **Gran grupo** que, incluirá a todo o alumnado da clase.( Nalgún momento ou actividade pode ser con outro alumnadodoutro nivel, a través de videoconferencia, dependendo da actividade).
- **Individual**, para detectar e tratar de solventar posibles problemas, particulares e específicos de cada alumno/a.

A situación de cada alumno/a dentro da aula será fixo para manter controlada a distancia de seguridade e os contactos estreitos tal e como establece o **Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021**.

Na **AULA**, a disposición do mobiliario permitirá desprazarse con facilidade polos diferentes espazos.

Todas as mesas estarán colocadas mirando cara a dirección do posto do/a mestre/a, seguindo o Protocolo antes mencionado.

En canto aos **ESPAZOS COMÚNS**: patio, corredores, aula de informática e relixión e biblioteca, empregaranse seguindo as medidas de seguridade establecidas para a prevención da COVID 19, polo que todos os espazos estarán delimitados por zonas, coa sinalización correspondente e antes e despois do seu emprego desinfectarase axeitadamente tendo en conta unha boa ventilación destes.

### ■ ORGANIZACIÓN DO TEMPO

A organización dos tempos será **flexible**, en función das decisións didácticas tomadas, do ritmos individuais de aprendizaxe dos alumnos/as e do maior aproveitamento dos recursos humanos e materiais do centro.

Nesta programación, os contidos están tratados en unidades didácticas que se distribúen ao longo de todo o curso e os proxectos intercalaranse en sesións dentro de cada unidade.

Na temporalización do temario tamén se ten en conta a dificultade así como as actividades programadas, para atribuírlles máis ou menos sesións no seu desenvolvemento . Sempre será flexible, estando supeditada ás características e necesidades do alumnado, ritmo de aprendizaxe e intereses.

### ■ MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado e para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.



Estes materiais serán **diversos, variados e interactivos** tanto no que se refire ao contido como ao soporte. Para a súa utilización na aula, haberá que ter en conta que non sexan discriminatorios, non degraden o medio ambiente, ofrezan situacións relevantes de aprendizaxe para adaptarse ás diferenzas individuais e fomenten a curiosidade e a reflexión sobre a propia acción educativa.

No que respecta aos **RECURSOS HUMANOS**, cóntase coa titora e cos especialistas en Lingua Estranxeira, Educación Musical, Educación Física e Relixión, P.T e A.L. Tamén pode ser posible contar coas familias e con algunha videoconferencia que poida realizar unha exposición sobre algún tema en concreto ó alumnado, dar algunha charla ou facer algunha pequena actuación.

En canto aos **RECURSOS MATERIAIS** inmoables, as clases desenvólvense na aula do 2º nivel para todas as áreas, a excepción das sesións semanais de relixión e a sesión semanal de informática. Ademais de que se poderá contar puntualmente con outros espazos para levar a cabo algunhas das clases, como a pista polideportiva ou o patio de recreo.

En canto ós recursos materiais móbiles, a aula conta cunha pequena dotación de material: diversos libros, biblioteca de aula, xogos didácticos, Cds interactivos, corcho nunha das paredes da aula para colgar material informativo relevante e diversos traballos puntuais dos alumnos/as fora do alcance dos nenos/as.

O material que usará o alumnado para o traballo ordinario na aula estará disposto no seu pupitre e cadeira, podendo empregar material de uso común de acordo coas normas establecidas ante a COVID 19. Así, este material será:

- **Materiais curriculares impresos**: libros de texto (Santillana ), guías didácticas, libros de consulta, fichas didácticas...
- **Outros recursos didácticos**: fotos, mapas, xogos de mesa, quebracabezas, xogos matemáticos, xogos de lectoescritura, pinturas, calendarios, regras, carteis, etc.
- Para a resolución de problemas e cálculo, é interesante o manexo de **material manipulable ou gráfico** que permita un entendemento lóxico do mesmo, como poden ser o uso do ábaco, regretas, sementes, medidas, calendarios, reloxos, moedas e billetes...

- **Materiais elaborados polo profesorado**: folletos, guías, instrucións, envases, xornais, ...
- **Material funxible**: cadernos dos alumnos, cartafoles, lapis, rotuladores, gomas, cartolinas, papel continuo, papel pinocho, papel charol, papel de seda, adhesivos, folios, ceras, pinturas, plastilina...
- **Recursos dixitais**: Libro Dixital de cada materia, xogos interactivos, etc.
- **Biblioteca de aula**: Banco de libros, selección de préstamo da biblioteca de centro.
- **Materiais impresos** aportados polo alumnado ou profesorado.
- **Elementos do contorno natural**: sementes, pedras, follas, etc.

As visitas virtuais a museos, exposicións, acontecementos, que sucedan no noso contorno con esta opción a distancia serán aproveitados como un recurso da comunidade, aproveitando as posibilidades que ofrecen, tanto as institucións públicas como privadas, en colaboración coa escola.

## ■ **RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA**

Tal e como se recolle na LOE-LOMCE, as familias terán un papel moi importante na educación dos seus fillos, xa que constitúen o primeiro axente educacional na vida dos nenos e nenas; polo que, como titoras debemos potenciar a colaboración e participación das familias nas actividades e vida diaria da aula.

Así, organizaremos reunións con elas por vía telemática ou telefónica preferiblemente, ao longo de todo o curso, e estableceremos unha canle de comunicación a través da aplicación proporcionada pola Consellería, AbalarMóbil.

Solicitarase por esta vía e por medio da axenda, a participación das familias nas actividades da aula e do centro achegándoas á realidade dos seus nenos/as. Son mostra destas, as propostas de actividades de introdución ás unidades, actividades complementarias, talleres ou solicitude de material funxible para elaborar os nosos propios recursos.

Por outra parte, empregamos a nosa presenza en internet para que os pais poidan visitar a páxina web do centro e a aula virtual de Santillana.

## PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.

No caso do desenvolvemento da programación nun **ESCENARIO PRESENCIAL**, levarase a cabo a metodoloxía ata agora citada.

Así mesmo, na **ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL**, combinaranse actividades presenciais na aula con actividades interactivas a través da aula virtual da editorial Santillana, así como o envío de tarefas en papel.

A metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de **ENSINO A DISTANCIA** seguirá a ser **construtivista** e **globalizada**, polo que partirá dos coñecementos previos do alumnado, propoñéndolle pequenos retos e experimentos que permitan a manipulación de diferente material que os leve a inferir novos contidos a partir do que xa coñecen. Deste xeito, adquirirán **aprendizaxes significativas** e proporcionaralles unha maior **motivación** de cara ao traballo na casa.

Ademais, terase moi en conta a **atención emocional** do alumnado que traballaremos a través do proxecto da biblioteca "TILANDRA NO CAMIÑO", polo que presentaremos actividades que lles faciliten aos nenos e nenas entender o que lles ocorre e como poden xestionar as diferentes emocións que se lles presentan no seu fogar. Deste xeito, realizaremos actividades como a expresión artística das emocións, a meditación en movemento, un Diario de Tilandra que reflexe diferentes situacións cotiás coas que se sintan identificados...

## MÉTODO ALTERNATIVO Á AULA VIRTUAL PARA COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA.

Durante a actividade lectiva a distancia, a comunicación coas familias farase a través de distintos medios en función das necesidades que se presente, polo que empregaremos: Abalar Móbil, correos electrónicos, videoconferencias, chamadas telefónicas e/ou a páxina web do centro.

Así mesmo, para levar a cabo as actividades lectivas co alumnado traballarase coa aula virtual de Santillana que recolle os libros de texto virtuais e permiten un seguimento continuo da actividade lectiva do alumnado. Ademais proporcionaranse diferentes recursos en papel para aquelas familias que tiveran problemas de conexión ou de acceso a dita aula virtual. Do mesmo xeito, continuaríase co traballo de lectoescritura no libro de

texto físico e coa atención do alumnado a través de videoconferencias se fose posible o acceso de todo o alumnado do grupo-clase.

### **MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA**

Naqueles casos, nos que o alumnado non poida seguir a ensinanza telemática, asegurárase o dereito á educación proporcionándolle material en papel, como actividades fotocopiadas ou libro de texto polo que se lles facilitará un punto de referencia común á familia e á escola para a súa entrega e recepción. Ademais poderase empregar a vía telefónica así como servizos de mensaxería instantánea que permitan o envío de actividades e a súa entrega para a corrección.

### **MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMIENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO**

Para asegurar o seguimento continuo do curso, empregaremos o servizo de seguimento da aula virtual que proporciona información sobre as actividades que realizan os nenos e nenas, sobre as veces que se conectan e os resultados que obteñen. Así mesmo, faranse correccións a través da propia aplicación proporcionándolle ao alumnado un atención directa e individualizada e unha retroalimentación do seu traballo asegurando que o alumnado se sinta amparado na súa actividade lectiva.

Tamén se requirirá que as familias colaboren e participen da aprendizaxe dos seus fillos/as e faremos intercambio de actividades a través do correo electrónico e da aula virtual do centro.

## **3. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES PARA CADA ÁREA.**

### **OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

A ensinanza da área de Lingua Castelá e Literatura ó longo da etapa da Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa dos alumnos entendida en todas as súas vertentes: lingüística, sociolingüística, literaria,... Os bloques en que se distribúen os contidos da área son os seguintes:

- **Bloque 1:** Comunicación oral: Falar e escoitar.
- **Bloque 2:** Comunicación escrita: Ler.
- **Bloque 3:** Comunicación escrita: Escribir.
- **Bloque 4:** Coñecemento da lingua.
- **Bloque 5:** Educación literaria.

### **OBXECTIVOS DA ÁREA RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE.**

- Comprender textos orais e expresarse oralmente de forma adecuada nos diferentes contextos nos que se desenvolve alumno/a. (**Competencia en Comunicación Lingüística**)
- Ler e comprender textos de tipoloxía diversa (narrativos, descritivos, textos da vida cotiá...) e desenvolver hábitos de lectura, como instrumentos para adquirir coñecemento e como ocio e disfrute. (**Competencia en Comunicación Lingüística**)
- Comprender e interpretar informacións de traxectos e planos, horarios comerciais, calendarios, etc. efectuando os razoamentos numéricos e xeométricos necesarios. (**Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía, Competencia en Comunicación Lingüística**)
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para escribir e falar de forma adecuada, coherente e correcta, sabendo razoar e explicar os procesos seguidos. (**Competencia en Comunicación Lingüística, Competencia en Aprender a Aprender**)

- Relacionarse e expresarse a través da lingua de maneira adecuada na actividade social e cultural, adoitando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta. **(Competencias Sociais e Cívicas)**
- Obter información e opinións dos medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e a comunicación, e sabelas interpretar e valorar. **(Competencia en Conciencia e Expresión Cultural, Competencia Dixital)**
- Aproximarse a obras relevantes da tradición literaria. Comprender textos literarios de xéneros diversos, así como as convencións específicas da linguaxe literaria. **(Competencia en Comunicación Lingüística. Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía)**
- Valorar a realidade plurilingüe de España e do mundo como mostra de riqueza cultural. **(Competencia en Conciencia e Expresións Culturais, Competencias Sociais e Cívicas)**
- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuizos clasistas, racistas ou sexistas. **(Competencias Sociais e Cívicas)**
- Tomar conciencia da propia aprendizaxe e reflexionar sobre posibles estratexias para emprender novas aprendizaxes. **(Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedora)**



## TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

PRIMEIRO TRIMESTRE		
OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
UNIDADE 1	UNIDADE 2	UNIDADE 3
<p><b>ESCOITAR E FALAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeo: <i>¡Adiós a las vacaciones!</i></li> <li>• Canción: <i>Juntos estamos mejor.</i></li> </ul> <p><b>LER E ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conto: <i>Una acampada asombrosa.</i></li> <li>• Poema: <i>El jardín de la Luna.</i></li> <li>• Texto informativo: <i>Nos expresamos sin palabras.</i></li> <li>• Outros textos: <i>El diario de las vacaciones.</i></li> <li>• Texto dialogado: <i>Aprendemos idiomas.</i></li> <li>• Vocabulario: sinónimos.</li> <li>• Iniciación gramatical: preguntas e respostas; palabras e oracións.</li> <li>• Ortografía: o punto, a maiúscula e maiúsculas en nomes propios.</li> <li>• Escritura: mensaxes.</li> </ul>	<p><b>ESCOITAR E FALAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeo: <i>Bailamos en la calle.</i></li> <li>• Canción: <i>¡Bailemos juntos!</i></li> </ul> <p><b>LER E ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conto: <i>Andrei y los animales.</i></li> <li>• Poema: <i>Moratones a montones.</i></li> <li>• Texto informativo: <i>Una enfermera muy especial.</i></li> <li>• Outros textos: cartel, <i>Quique y la calabaza.</i></li> <li>• Texto dialogado: <i>Una reunión con el alcalde de Quiparca.</i></li> <li>• Vocabulario: palabras para describir personaxes; antónimos; formación de palabras.</li> <li>• Iniciación gramatical: o abecedario, orde alfabética.</li> <li>• Ortografía: <i>ca, co, cu, que, qui.</i></li> <li>• Escritura: ficha médica e solicitude.</li> </ul>	<p><b>ESCOITAR E FALAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeo: <i>El concurso de cocina.</i></li> <li>• Canción: <i>Aprender a cocinar.</i></li> </ul> <p><b>LER E ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conto: <i>La merienda de Laura.</i></li> <li>• Poema: <i>Pelea de burbujas.</i></li> <li>• Outros textos: cartel, <i>¡Gran concurso de zumos y batidos!</i></li> <li>• Texto dialogado: <i>Una agradable comida.</i></li> <li>• Vocabulario: palabras polisémicas; formación de palabras.</li> <li>• Iniciación gramatical: palabras e oracións.</li> <li>• Ortografía: <i>za, zo, zu, ce, ci.</i></li> </ul>

SEGUNDO TRIMESTRE		
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO
UNIDADE 4	UNIDADE 5	UNIDADE 6

<p><b>ESCOITAR E FALAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeo: <i>¿Huerto o jardín?</i></li> <li>• Canción: <i>Una huerta y un jardín.</i></li> </ul> <p><b>LER E ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conto: El guardián del jardín mágico.</li> <li>• Poema: Flores y más flores.</li> <li>• Outros textos: noticia, <i>Paseos primaverales de lectura.</i></li> <li>• Texto dialogado: <i>Limpiamos el río.</i></li> <li>• Vocabulario: palabras derivadas.</li> <li>• Iniciación gramatical: substantivos comúns e substantivos propios; palabras e oracións.</li> <li>• Ortografía: palabras con <i>r</i>.</li> <li>• Escritura: comparacións, noticias.</li> </ul>	<p><b>ESCOITAR E FALAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeo: <i>Viaje en submarino.</i></li> <li>• Canción: <i>En el fondo del mar.</i></li> </ul> <p><b>LER E ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conto: <i>Un cangrejo solitario.</i></li> <li>• Poema: <i>Dientes muy diferentes.</i></li> <li>• Outros textos: relato, <i>Juna es la mejor.</i></li> <li>• Texto dialogado: <i>En la granja.</i></li> <li>• Vocabulario: familias de palabras.</li> <li>• Iniciación gramatical: comparacións; masculino, feminino, singular e plural; concordancias de xénero e número.</li> <li>• Ortografía: <i>ja, jo, ju, ge, gi.</i></li> <li>• Escritura: rimas; relatos.</li> </ul>	<p><b>ESCOITAR E FALAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeo: <i>La Tierra desde el espacio.</i></li> <li>• Canción: <i>Los astronautas.</i></li> </ul> <p><b>LER E ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conto: <i>Un bosque en los confines del espacio.</i></li> <li>• Poema: <i>Animales viajeros.</i></li> <li>• Outros textos: proceso, elaboración dun peixe cunha botella.</li> <li>• Texto dialogado: <i>Fotos de fenómenos atmosféricos.</i></li> <li>• Vocabulario: expresións.</li> <li>• Iniciación gramatical: palabras e oracións.</li> <li>• Ortografía: <i>ga, go, gu, gue, gui, güe, güi, ge, gi.</i></li> <li>• Escritura: procesos.</li> </ul>
---	---	---

TERCEIRO TRIMESTRE		
ABRIL	MAIO	XUÑO
UNIDADE 7	UNIDADE 8	UNIDADE 9
<p><b>ESCOITAR E FALAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeo: <i>¡Estamos de fiesta!</i></li> <li>• Canción: <i>Una noche especial.</i></li> </ul> <p><b>LER E ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conto: <i>Por pura casualidad.</i></li> </ul>	<p><b>ESCOITAR E FALAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeo: <i>La feria de los robots.</i></li> <li>• Canción: <i>Al ritmo de las máquinas.</i></li> </ul> <p><b>LER E ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conto: <i>¿La poesía es una tontería?</i></li> </ul>	<p><b>ESCOITAR E FALAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeo: <i>Historia de una ciudad.</i></li> <li>• Canción: <i>¡Cuéntame más!</i></li> </ul> <p><b>LER E ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conto: <i>Akele, un buceador en la Atlántida.</i></li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>Poema: <i>Quién</i>.</li> <li>Texto informativo: a alquimia.</li> <li>Texto dialogado: ¿<i>Confeccionamos disfraces?</i></li> <li>Vocabulario: aumentativos e diminutivos.</li> <li>Iniciación gramatical: o verbo; verbos en pasado, en presente e en futuro.</li> <li>Ortografía: palabras con <i>mp</i> e <i>mb</i>.</li> <li>Escritura: estrofas para completar un poema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Texto dialogado: Pedir unha cita por teléfono.</li> <li>Texto informativo: ciencia ou ciencia ficción?</li> <li>Vocabulario: palabras sinónimas.</li> <li>Iniciación gramatical: o suxeito e o predicado nunha oración; preguntas e exclamacións.</li> <li>Ortografía: palabras con <i>br</i> e <i>bl</i>.</li> <li>Escritura: anuncios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Poemas: <i>¡Eureka!</i> e <i>Primavera</i>.</li> <li>Texto informativo: Ada Lovelace, a primeira programadora informática.</li> <li>Vocabulario: palabras terminadas en <i>-ísimo</i> ou <i>-ísima</i>.</li> <li>Iniciación gramatical: o suxeito e o predicado nunha oración; o uso da coma en enumeracións.</li> <li>Ortografía: palabras con <i>h</i>, uso da <i>r</i>.</li> <li>Escritura: alargar suxeitos e alargar predicados en oracións; a descrición literaria.</li> </ul>
---	--	---

## CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PROCECEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

NIVEL:	2º ED. PRIMARIA		ÁREA:			LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
LC-B1.1	2º-LCB1.1.1 - Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Cuestionarios.	CCL CAA CSC

	Peso: 2%					INSTRUMENTOS: Diario de clase. Cuestionario aberto.	
LC-B1.1	2º-LCB1.1.2 - Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.  Peso: 2%	Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Asemblea. Diario de clase.	CCL CAA CSC
LC-B1.2	2º-LCB1.2.1 - Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.  Peso: 1.48%	Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL
LC-B1.2	2º-LCB1.2.2 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.  Peso: 2%	Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Asemblea. Diario de clase.	CCL
LC-B1.3	2º-LCB1.3.1 - Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.  Peso: 2%	Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos ,exposicións orais guiadas...	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CD CAA CSC CSIEE

LC-B1.4	2º-LCB1.4.1 - Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.  Peso: 2%	Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Cuestionarios.  INSTRUMENTOS: Diario de clase. Cuestionario aberto.	CCL
LC-B1.4	2º-LCB1.4.2 - Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.  Peso: 1.48%	Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LC-B1.5	2º-LCB1.5.1 - Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.  Peso: 2%	Comprende a información xeral dun texto oral sinxelo.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CAA
LC-B1.5	2º-LCB1.5.2 - Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos.  Peso: 1.48%	Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios....			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Asemblea. Diario de clase.	CCL CAA
LC-B1.5	2º-LCB1.5.3 - Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.  Peso: 1.48%	Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.  INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Cuestionario aberto.	CCL

LC-B1.6	2º-LCB1.6.1 - Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.  Peso: 2%	Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CD CAA
LC-B1.6	2º-LCB1.6.2 - Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.  Peso: 1.48%	.Recoñece, con axuda, o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CD CAA CSC
LC-B1.7	2º-LCB1.7.1 - Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.  Peso: 2%	Reproduce de memoria textos (literarios e non literarios) sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Asemblea.	CCL CAACCEC
LC-B1.8	2º-LCB1.8.1 - Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.  Peso: 1.48%	Iniciase na representación dramática			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de Campo.	CCL
LC-B1.9	2º-LCB1.9.1 - Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas.	Elabora textos orais moi sinxelos de ámbito escolar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea. Caderno de Campo.	CCL CAA CSIEE

	Peso: 1.48%						
LC-B1.9	2º-LCB1.9.2 - Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.  Peso: 1.48%	Organiza o discurso cunha secuencia coherente.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Asemblea.	CCL CAA CSIEE
LC-B1.10	2º-LCB1.10.1 - Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.  Peso: 2%	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Diario de clase. Caderno de Campo.	CCL CSC
LC-B1.11	2º-LCB1.11.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.  Peso: 2%	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CAA CSC CSIEE
LC-B2.1	2º-LCB2.1.1 - Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.  Peso: 2%	Le en voz alta textos sinxelos coa pronunciación e entoación axeitadas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LC-B2.1	2º-LCB2.1.2 - Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL

	Peso: 2%						
LC-B2.2	2º-LCB2.2.1 - Identifica o tema dun texto sinxelo. Peso: 1.48%	Identifica, con axuda, o tema dun texto sinxelo.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA
LC-B2.2	2º-LCB2.2.2 - Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). Peso: 1.48%	Distingue diversos tipos de textos (diálogos, descrições, narracións...).			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Cuestionario aberto.	CCL CAA
LC-B2.3	2º-LCB2.3.1 - Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto. Peso: 1.48%	Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CAA
LC-B2.3	2º-LCB2.3.2 - Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes Peso: 2%	Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CAA
LC-B2.3	2º-LCB2.3.3 - Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece	Relaciona a información das ilustracións coa do texto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.	CCL CAA



	no texto. Peso: 1.48%					INSTRUMENTOS: Asemblea. Caderno de Campo.	
LC-B2.4	2º-LCB2.4.1 - Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria. Peso: 2%	Dedicar momentos de lecer para a lectura voluntaria.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
LC-B2.4	2º-LCB2.4.2 - Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras. Peso: 2%	Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL
LC-B2.5	2º-LCB2.5.1 - Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese. Peso: 1.48%	Consulta na biblioteca, de xeito guiado, para obter información sobre libros do seu interese.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CD CAA
LC-B2.6	2º-LCB2.6.1 - Coida, conserva e organiza os seus libros. Peso: 1.48%	Coida os seus libros.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSC
LC-B2.7	2º-LCB2.7.1 - Diferencia, con axuda, entre información e publicidade. Peso: 1.48%	Diferencia, con axuda, entre información e publicidade.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CAA CSC
LC-B2.7	2º-LCB2.7.2 - Formula hipóteses, de xeito	Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.	CCL CAA CSC

	<p>guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.</p> <p>Peso: 1.48%</p>	<p>textos, axeitados á súa idade.</p>				<p>INSTRUMENTOS: Asemblea.</p>	
LC-B2.8	<p>2º-LCB2.8.1 - Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.</p> <p>Peso: 2%</p>	<p>Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	<p>CCL CD CAA</p>
LC-B3.1	<p>2º-LCB3.1.1 - Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios</p> <p>Peso: 2%</p>	<p>Escribe, con axuda, textos sinxelos propios da vida cotiá.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de Campo.</p>	<p>CCL CD CAA</p>
LC-B3.1	<p>2º-LCB3.1.2 - Presenta os seus traballos con</p>	<p>Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p>	<p>CCL CAA</p>

	caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.  Peso: 2%					INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Diario de clase.	
LC-B3.2	2º-LCB3.2.1 - Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.  Peso: 2%	Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CSC
LC-B3.3	2º-LCB3.3.1 - Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.  Peso: 1.48%	Utiliza borradores para a escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de Campo.	CCL CAA CSIEE
LC-B3.5	2º-LCB3.6.1 - Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.  Peso: 1.48%	Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir textos moi sinxelos.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CD CAA
LC-B4.1	2º-LCB4.1.1 - Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.  Peso: 1.48%	Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. Cuestionarios.  INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Diario de clase. Cuestionario aberto.	CCL

	Peso: 2%						
CS-B4.2	<p>2º-CS4.2.1 - Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.</p> <p>Peso: 4%</p>	Coñece os instrumentos básicos de medida do tempo e iníciase no seu manexo.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de Campo.</p>	CMCT CAA
CS-B4.3	<p>2º-CS4.3.1 - Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.</p> <p>Peso: 1.71%</p>	Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Cuestionario aberto.</p>	CMCT CSC
CS-B4.3	<p>2º-CS4.3.2 - Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.</p> <p>Peso: 4%</p>	Describe algún acontecemento vivido na escola, na familia, ...expresándoos con criterios temporais.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea. Caderno de Campo.</p>	CCL CSC CMCT
CS-B4.4	<p>2º-CS4.4.1 - Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida</p>	Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea.</p>	CSC CCEC



	humana. Peso: 1.71%						
CS-B4.5	2º-CS4.5.1 - Explica que é un museo e cales son as súas funcións. Peso: 4%	Explica que é un museo e as súas funcións.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CSC
CS-B4.5	2º-CS4.5.2 - Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio. Peso: 4%	Recoñece os museos como espazos de gozo e ocio.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCEC

PERFIL DE ÁREA (anexo 1 - páxina 151)

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Os Valores Sociais e Cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas podan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social. Esta área axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, respectar os dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Os bloques en que se distribúen os contidos son:

- **Bloque 1:** A identidade e a dignidade da persoa.
- **Bloque 2:** A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.
- **Bloque 3:** A convivencia e os valores sociais.

### **OBXECTIVOS DA ÁREA RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE.**

- Fomentar a autopercepción, a autovaloración e a identificación positiva das calidades persoais e as emocións, para desenvolver un autoconceito axustado á realidade **(Competencia de Aprender a Aprender, Competencias Sociais e Cívicas)**.
- Favorecer a autorregulación conductual a través do diálogo interior e de estratexias sinxelas de pensamento positivo **(Competencia en Comunicación Lingüística, Competencias en Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor)**.
- Considerar a importancia de levar a cabo as tarefas escolares encomendadas con interese e responsabilidade, atendendo ás pautas establecidas **(Competencias Sociais e Cívicas)**.
- Aprender a valorar os dereitos dos nenos e referentes á saúde, a educación e o cariño, así como asumir deberes diversos no ámbito familiar e escolar **(Competencias Sociais e Cívicas)**.

- Aprender a utilizar estratexias de comunicación non verbal e reflexionar antes de comunicar ideas e pensamentos, interrelacionando ambas as dúas linguaxes en función do interlocutor e da mensaxe que se desexa transmitir **(Competencia en Comunicación Lingüística)**.
- Desenvolver a escoita activa, a empatía e a expresión clara de ideas e pensamentos para mellorar a comunicación e a comprensión, e o respecto nas relacións interpersoais **(Competencia en Comunicación Lingüística, Competencias Sociais e Cívicas)**.
- Valorar e respectar as características individuais, aceptando as súas diferenzas e aproveitando a riqueza que xera a diversidade **(Competencias Sociais e Cívicas)**.
- Analizar e expresar os intereses e as necesidades propios para mellorar aspectos tales como: as habilidades sociais, as relacións de amizade e o traballo en equipo, tomando conciencia da importancia do valor do esforzo para o logro de obxectivos comúns **(Competencia en Comunicación Lingüística, Competencias Sociais e Cívicas)**.
- Coñecer e respectar as normas de convivencia en contextos formais e informais para evitar desigualdades, desenvolver unha maior implicación persoal e facilitar as relacións interpersoais e a participación democrática **(Competencias Sociais e Cívicas)**.
- Recoñecer situacións agradables e desagradables que se dan en ámbitos próximos para anticipar e resolver conflitos, tendo en conta varios puntos de vista, utilizando vías pacíficas de resolución e tendo sempre en conta diversos puntos de vista **(Competencias Sociais e Cívicas, Competencias de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor e Competencias en Comunicación Lingüística)**.
- Tomar conciencia da importancia de facer un uso responsable dos materiais e os recursos que temos ao noso alcance para favorecer a conservación do medio **(Competencias Sociais e Cívicas)**.

- Coñecer normas básicas de educación vial e de seguridade en medios de transporte públicos e privados para desenvolver actitudes responsables que aseguren a convivencia de acordo a uns valores cívicos socialmente establecidos **(Competencias Sociais e Cívicas)**.
- Autoavaliar os contidos aprendidos sobre un mesmo, as relacións interpersoais, a convivencia e os valores implícitos nela, para tomar conciencia dos pasos seguidos e os logros alcanzados no proceso de ensino-aprendizaxe, e implicarse persoalmente na aprendizaxe **(Competencias Sociais e Cívicas)**.

## TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

PRIMEIRO TRIMESTRE		
OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
<p><b>CONVIVIR E VALORAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade).</li> <li>• Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade.</li> <li>• Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.</li> <li>• Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións.</li> <li>• A interdependencia e a cooperación.</li> <li>• A interdependencia positiva e a participación equitativa.</li> <li>• As condutas solidarias.</li> <li>• A aceptación incondicional do outro.</li> <li>• A resolución de problemas en colaboración.</li> <li>• Compensación de carencias dos e das demais.</li> <li>• A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos</li> </ul>	<p><b>CONVIVIR E VALORAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.</li> <li>• Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.</li> <li>• Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.</li> <li>• A resolución de conflitos.</li> <li>• A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.</li> <li>• Os dereitos e deberes.</li> <li>• A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo.</li> <li>• Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.</li> </ul>	<p><b>CONVIVIR E VALORAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.</li> <li>• Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade.</li> <li>• As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor.</li> <li>• Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades.</li> <li>• Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.</li> </ul>

SEGUNDO TRIMESTRE		
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO
<p><b>IDENTIFICAR E PRACTICAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O autoconhecimento e a autopercepción.</li> <li>• A imaxe dun mesmo/a.</li> <li>• As calidades persoais.</li> <li>• A percepción das emocións.</li> <li>• O recoñecemento das emocións.</li> <li>• A linguaxe emocional.</li> <li>• As emocións.</li> <li>• Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización.</li> <li>• Asociación pensamento-emoción.</li> </ul>	<p><b>IDENTIFICAR E PRACTICAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O autocontrol.</li> <li>• A regulación dos sentimentos.</li> <li>• As estratexias de reestruturación cognitiva</li> <li>• A responsabilidade.</li> <li>• O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.</li> <li>• A realización responsable das tarefas escolares.</li> <li>• A motivación.</li> </ul>	<p><b>IDENTIFICAR E PRACTICAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A autonomía persoal e a autoestima.</li> <li>• Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades.</li> <li>• A toma de decisións persoal meditada.</li> <li>• Tolerancia á frustración.</li> <li>• A iniciativa.</li> <li>• A automotivación.</li> <li>• A autoproposta de desafíos</li> </ul>

TERCEIRO TRIMESTRE		
ABRIL	MAIO	XUÑO
<p><b>COMPRENDER E PRACTICAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As habilidades de comunicación.</li> <li>• A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación.</li> <li>• Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar.</li> <li>• Adecuación a diferentes contextos.</li> <li>• A aserción.</li> <li>• Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.</li> </ul>	<p><b>COMPRENDER E PRACTICAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A intelixencia interpersonal.</li> <li>• A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos.</li> <li>• O altruísmo.</li> <li>• O respecto, a tolerancia e a valoración das demais persoas.</li> <li>• As diferenzas culturais.</li> <li>• Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.</li> </ul>	<p><b>COMPRENDER E PRACTICAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A diversidade.</li> <li>• Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.</li> <li>• As condutas solidarias.</li> <li>• A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.</li> </ul>

## CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCECEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

NIVEL:	2º ED. PRIMARIA		ÁREA:			VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
VSC-B1.1	2º-VSCB1.1.1 - Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.  Peso: 2.5%	Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCL
VSC-B1.2	2º-VSCB1.2.1 - Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos.  Peso: 2.5%	Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e procura transformalos.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSCCSIEE
VSC-B1.2	2º-VSCB1.2.2 - Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.  Peso: 2.5%	Motívase mediante estratexias sinxelas durante o traballo individual e grupal.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSIEE CAA
VSC-B1.2	2º-VSCB1.2.3 - Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.	Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CSIEE



	Peso: 2.5%						
VSC-B1.2	2º-VSCB1.2.4 - Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.  Peso: 2.5%	Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, a vez que respecta as dos e das demais nas actividades cooperativas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CSC
VSC-B1.3	2º-VSCB1.3.1 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.  Peso: 2.5	Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B1.3	2º-VSCB1.3.2 - Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.  Peso: 2.5%	Realiza, respondendo a preguntas dos adultos, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSCCAA
VSC-B1.4	2º-VSCB1.4.1 - Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.  Peso: 2.5%	Utiliza o pensamento creativo.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CSIEE
VSC-B1.4	2º-VSCB1.4.2 - Toma	Toma iniciativas de actuación	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CSIEE

	iniciativas de actuación durante a colaboración. Peso: 2.5%	durante a colaboración.				INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
VSC-B1.5	2º-VSCB1.5.1 - Participa con interese na resolución de problemas escolares. Peso: 2.5%	Participa con interese na resolución de problemas escolares.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSIEE CSC
VSC-B1.5	2º-VSCB1.5.2 - Define e formula claramente problemas de convivencia. Peso: 2.5%	Define e formula claramente problemas de convivencia.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSCCCL
VSC-B2.1	2º-VSCB2.1.1 - Expresar con claridade sentimentos e emocións. Peso: 2.5%	Expresa con claridade sentimentos e emocións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL
VSC-B2.1	2º-VSCB2.1.2 - Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións. Peso: 2.5%	Emprega a comunicación verbal e non verbal para expresar opinións, sentimentos e emocións.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CAA CSIEE
VSC-B2.1	2º-VSCB2.1.3 - Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con	Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea. Caderno de Campo.	CCL CSC

	amabilidade. Peso: 2.5%						
VSC-B2.2	2º-VSCB2.2.1 - Emprega a linguaxe positiva. Peso: 2.5%	Emprega a linguaxe positiva.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea. Caderno de Campo.	CCL CSC
VSC-B2.3	2º-VSCB2.3.1 - Emprega diferentes habilidades sociais básicas. Peso: 2.5%	Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
VSC-B2.4	2º-VSCB2.4.1 - . Identifica distintas maneiras de ser e actuar. Peso: 2.5%	Identifica distintas maneiras de ser e actuar.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B2.4	2º-VSCB2.4.2 - Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos. Peso: 2.5%	Identifica necesidades dos compañeiros/as, resalta as calidades e emite cumprimentos.		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC
VSC-B2.5	2º-VSCB2.5.1 - Forma parte activa das dinámicas do grupo. Peso: 2.5%	Forma parte activa das dinámicas de grupo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B2.5	2º-VSCB2.5.2 - Establece e mantén relacións emocionais	Establece e mantén relacións amigables, baseadas no afecto e confianza mutua.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CSIEE

	amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.  Peso: 2.5%					INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
VSC-B3.1	2º-VSCB3.1.1 - Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.  Peso: 2.5%	Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.1	2º-VSCB3.1.2 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.  Peso: 2.5%	Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.2	2º-VSCB3.2.1 - Aмосa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.  Peso: 2.5%	Aмосa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CSIEE CSC
VSC-B3.2	2º-VSCB3.2.2 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.  Peso: 2.5%	Respecta as regras durante o traballo en equipo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
VSC-B3.3	2º-VSCB3.3.1 - Coñece e enumera as normas da aula.  Peso: 2.5%	Coñece e enumera as normas da aula.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CSC
VSC-B3.3	2º-VSCB3.3.2 - Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos	Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CSIEE

	para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.  Peso: 2.5%					INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
VSC-B3.3	2º-VSCB3.3.3 - Participa na elaboración das normas da aula  Peso: 2.5%	Participa na elaboración das normas de aula.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CSC CSIEE
VSC-B3.3	2º-VSCB3.3.4 - Respecta as normas do centro escolar.  Peso: 2.5%	Respecta as normas do centro escolar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
VSC-B3.4	2º-VSCB3.4.1 - Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.  Peso: 2.5%	Resolve problemas persoais da vida escolar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Diario de clase. Asemblea.	CSCCSC CSIEE
VSC-B3.4	2º-VSCB3.4.2 - Escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.  Peso: 2.5%	Escoita as razóns das persoas coas que entra en conflito e compréndelas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CSIEE CSC
VSC-B3.4	2º-VSCB3.4.3 - Identifica as emocións e os sentimentos das	Identifica as emocións e sentimentos das partes en conflito.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE

	partes en conflito. Peso: 2.5%						
VSC-B3.4	2º-VSCB3.4.4 - Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes. Peso: 2.5%	Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCL
VSC-B3.5	2º-VSCB3.5.1 - Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas. Peso: 2.5%	Representa de xeito plástico a necesidade de alimentación, vivenda e xogo dos nenos e das nenas.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de Campo.	CSC CCAC
VSC-B3.5	2º-VSCB3.5.2 - Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar. Peso: 2.5%	Explica as consecuencias para os nenos e as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CL CSIEE
VSC-B3.5	2º-VSCB3.5.3 - Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes. Peso: 2.5%	Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC

VSC-B3.6	2º-VSCB3.6.1 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.  Peso: 2.5%	Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL
VSC-B3.6	2º-VSCB3.6.2 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo  Peso: 2.5%	Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE
VSC-B3.7	2º-VSCB3.7.1 - Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.  Peso: 2.5%	Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSIEE
VSC-B3.7	2º-VSCB3.7.2 - Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.  Peso: 2.5%	Razona a repercusión de determinadas condutas de risco.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CSIEE
VSC-B3.7	2º-VSCB3.7.3 - Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.  Peso: 2.5%	Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CS

**PERFIL DE ÁREA (anexo 1 – páxina 154)**

**PERFIL COMPETENCIAL**

**Ver                      anexo                      2                      (                      páxina                      157)**



## 4. AVALIACIÓN

Para levar a cabo a avaliación, tómase como referencia a **Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia** e o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**. Segundo esta orde, as características nas que esta se basea son: continua, formativa, global e integradora. Terase ademais en conta o progreso do alumno/a no conxunto de todas as áreas do currículo.

### QUE, COMO E CANDO AVALIAR

A ) Que avaliar: Tanto os obxectivos como contidos, como os criterios de avaliación incluídos/as na programación e tamén en cada unha das unidades didácticas do curso.

B) Cando e como avaliar:

Faremos unha **avaliación inicial**: ao principio do curso para determinar a situación de partida do alumnado e para axustar a intervención educativa ás súas características

A **avaliación continua ao longo das unidades e ao longo do curso**: é a máis importante para ver a progresión do alumnado e para determinar as carencias, e así facer os cambios precisos. Valorarase moi positivamente o afán de superación persoal en cada caso. Así, realizarase unha avaliación de contidos mediante fichas fotocopiáveis, ao remate de cada trimestre polo menos, para ter un coñecemento preciso sobre o estado en que se encontran os alumnos/as respecto aos novos contidos a desenvolver.

As competencias e os distintos proxectos que se levarán a cabo ao longo do curso, avalíanse mediante rúbricas, para logo cumprimentar rexistros individuais e/ou de grupo.

A fin de curso elabórase un informe de **avaliación final** que valore o seguimento de cada alumno/a. Polo tanto, con toda esta información, a finais de cada trimestre farase un informe de avaliación que se dará a coñecer ás familias mediante os boletíns correspondentes.

## **AVALIACIÓN INICIAL: deseño e medidas a adoptar.**

Ao inicio do curso, sobre todo durante o mes de setembro, levarase a cabo unha minuciosa avaliación inicial, tanto de grupo como individual, que nos diagnosticará a situación de partida, así como detectar posibles problemas en cada un dos alumnos/as e dificultades derivadas da fenda dixital.

Esta avaliación terá en conta os informes individualizados do curso anterior, as actividades individuais escritas e orais que se realicen en dito mes de setembro e completarse con outros datos obtidos sobre o punto de partida desde que o alumno/a inicia as novas aprendizaxes.

Esta información deberá terse en conta para o deseño das medidas a adoptar en cada unidade didáctica, de forma que se repasen e introduzan os contidos non impartidos no curso anterior, debido a COVID-19, nas unidades correspondentes deste curso.

Deste xeito, obteremos o punto de partida de cada un dos nenos e nenas e poderemos incidir naqueles estándares nos que presenten maior dificultade. Os **procedementos** cos que avaliamos serán:

- Observación directa
- Conversas
- Fichas fotocopiáveis
- Lecturas
- ...

Os **instrumentos** para a avaliación inicial será o diario de clase e o cartafol, e os aspectos que avaliaremos serán os que nos parezan máis relevantes e bastará con poñer **apto** e **non apto**.

## **PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Para avaliar, empregaremos diferentes técnicas e instrumentos de avaliación tales como:

- **Observación sistemática** das actividades realizadas polos discentes.
- Exploración por medio de **preguntas formuladas polo profesor** durante a clase, que permiten analizar o grao de concentración e interese do alumnado.
- **Producións do alumno ou alumna** que permite ver o seu esforzo, progresos e logros.

- **Mapas conceptuais:** Son recursos gráficos que permiten representar xerarquicamente conceptos e proposicións sobre un tema determinado
- **Avaliación do desempeño:** Consisten no deseño de situacións onde os alumnos demostran as súas habilidades aprendidas ante tarefas xenuínas tales como escribir un texto persuasivo, executar unha peza musical, facer un experimento, solucionar problemas matemáticos, recitar un poema, representar unha peza teatral, entre outros.
- **Listas de control ou verificación e escalas:** Consiste nunha serie de indicadores referidos a características, realizacións e actividades que requiren que o observador indique simplemente se se realizou ou non unha conduta.
- **Rexistros anecdóticos e diarios de clase.**
- **Rúbricas.** Unha rúbrica é, basicamente, unha táboa na que se especifican unha serie de criterios de avaliación adaptándoos a uns niveis de eficiencia
- **Caderno de clase:** Son unha serie de actividades que se realizan en clase co fin de valorar o nivel de comprensión ou execución por parte dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe.
- **As tarefas ou traballos** que se solicitan aos alumnos para realizar fóra de clase: Poden variar entre exercicios non rematados na aula, solución de problemas, visitas a lugares, investigación na biblioteca, entrevistas ás familias, visitas culturais, museos entre outros. Pódense realizar de xeito individual ou en grupos cooperativos.
- **Observación e valoración de actitudes** na aula, ante os compañeiros/as e as súas aportacións, profesorado...
- **Orde e limpeza** na presentación dos traballos realizados.
- **Análise das producións dos alumnos/as** (resumos, textos escritos, producións orais, traballos sobre temas propostos...)
- **Intercambios orais cos alumnos/as** (diálogos, postas en común, intercambios de opinións, asembleas...)
- Facer **probos específicos** (utilízanse para verificar o grao de rendemento ou aprendizaxe lograda polos estudantes): orais, escritas, obxectivas, abertas...
- Realización das **probos de avaliación de competencias** e de diagnóstico das unidades.

## CUALIFICACIÓNS E CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

- **Criterios de cualificación:**

- Áreas: Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

- o Criterios:

- Probas puntuais (orais e escritas) → 20%
- Actitude e participación. Esforzo → 40%
- Traballo en grupo → 15%
- Traballo individual (Tarefas: presentación e elaboración) → 25%

- Áreas: Valores Sociais e Cívicos.

- o Criterios:

- Actitude e participación. Esforzo → 40%
- Traballo en grupo → 30%
- Traballo individual (Tarefas: presentación e elaboración) → 30%

- **Criterios de promoción:**

- **SUPERA O CURSO / NIVEL:**

- o Con todas as materias aprobadas.
- o Con un insuficiente.
- o Con dous insuficientes, nos seguintes casos:

1º. Matemáticas + outra materia que non sexa lingua castelá ou lingua galega (cando as aprendizaxes non acadadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente o curso seguinte).

2º. Lingua castelá ou lingua galega + outra área que non sexa matemáticas (cando as aprendizaxes non acadadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente o curso seguinte).

- o Con tres insuficientes ,que ningunha sexa matemáticas, lingua castelá ou lingua galega.

- **NON SUPERA O CURSO / NIVEL:**

- o Con dous insuficientes se estes son:

1º Lingua castelá e matemáticas.

2º Lingua castelá e lingua galega.

3º Lingua galega e matemáticas.

- o Con tres insuficientes se unha delas é lingua castelá, matemáticas ou lingua galega.

Na decisión de promoción primará o criterio do titor/a.

O alumnado promocionará ao curso seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias clave e un axeitado grado de madurez consoante á súa idade.

Accederase igualmente ao curso seguinte cando as aprendizaxes nos acadadas non supoñan obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo nivel.

## AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Como mestre debo reflexionar sobre a propia práctica coa intención de melloralala. Por este motivo, terase todo planificado e programado, rexistrando todos aqueles aspectos que considere relevantes para a avaliación. **Deberase observar e analizar todos os elementos do proceso: obxectivos, contidos, actividades, estilos de ensino, formas de organización**, etc., para comprobar se o proceso de ensino-aprendizaxe se desenvolve segundo o previsto e, en caso contrario, actuar en consecuencia. Do mesmo xeito que no proceso de aprendizaxe, empregarei distintas técnicas e instrumentos de avaliación como o **diario do mestre, unha escala de observación** e unha **rúbrica**.

### AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

- Valoración cuantitativa:

4 (Moi satisfactoria).

3 (Satisfactoria).

2 (Pouco satisfactoria).

1 (Non satisfactoria).

INDICADOR DE LOGRO	VALORACIÓN CUATITATIVA
PROCESO DE ENSINO	

Adecuación dos contidos á idade e características do alumnado.				
Consecución da motivación necesaria para o proceso				
Consecución de participación activa de todo o alumnado				
Implicación e apoio das familias en actividades complementarias.				
Comunicación coas familias.				
Dáselle peso real á observación do traballo na aula.				
Valoración da actitude no traballo colaborativo.				
Vinculación dos estándares cos instrumentos de avaliación.				
Adecuación da secuenciación e temporalización dos contidos.				
Consecución dun progreso adecuado a nivel xeral.				
Eficacia na resolución de pequenos conflitos ou incidentes.				
Consecución dun clima agradable que favoreza o proceso.				
<b>PRÁCTICA DOCENTE</b>				
Fanse explicacións para todo o alumnado.				
Fanse explicacións individuais, sempre que sexa preciso.				
Elabóranse actividades que atenden á diversidade.				
Utilízanse estratexias metodolóxicas adaptadas ás diferentes áreas e ás diferentes unidades didácticas				
Combinación de traballo individual e colectivo.				
Participación en actividades propostas polos equipos de Biblioteca, Dinamización Lingüística e Actividades Complementarias.				
Incorporación das TICs ao proceso de ensino-aprendizaxe.				
Vinculación das actividades de reforzo e apoio cos estándares.				
Avaliación dos programas de apoio, reforzo e ampliación.				

**RÚBRICA DA PRÁCTICA DOCENTE - Unidades Didácticas**

RÚBRICA DA PRÁCTICA DOCENTE - Unidades Didácticas						
UD		TÍTULO		VALORACIÓN		
CRITERIO	ESTÁNDAR	INDICADORES	PESO	TIVO DIFICULTADES	BEN	MOI BEN
Favorecer a aprendizaxe de novos contidos	Adecúa o nivel de dificultades ás características do alumnado	Consigue a motivación do alumnado	11%	Non consegue a motivación do alumnado	Motiva ao alumnado nalgunhas ocasións	Consigue motivar ao alumnado
		Favorece a participación nas actividades	11%	Non favorece a participación	En ocasións favorece a participación	Consigue que o alumnado participe
		Adecúa a actividade ás características de cada neno/a	11%	Non presta atención ás características do alumnado	Adecúa algunhas actividades ás características do alumnado	Ten en conta as características do alumnado para deseñar as unidades didácticas
Explicar correctamente as actividades da sesión	Explica con exactitude e claridade as actividades	Proporciona as explicación necesarias para a realización das actividades	15%	Non explica correctamente as tarefas	Presenta as explicacións con pouca claridade	Explica con exactitude e claridade as actividades
		Exemplifica os exercicios	15%	Non exemplifica os exercicios	Exemplifica excesivamente rápido	Exemplifica os exercicios con indicacións precisas
		Resolve dúbidas	15%	Non resolve dúbidas	Resolve as dúbidas con pouca claridade	Resolve as dúbidas con exactitude
Empregar unha metodoloxía axeitada ao estilo do método científico	Dirixe e supervisa o desenvolvemento das sesións	Distribúe adecuadamente o tempo e os espazos	7%	Non distribúe correctamente o tempo	Distribúe o tempo sen prever os imprevistos	Distribúe correctamente o tempo previndo os posibles imprevistos
		Organiza adecuadamente as tarefas	7%	Non organiza as actividades	Organiza as tarefas pero non reacción eficazmente ante imprevistos	Organiza as tarefas eficazmente e sabe reaccionar ante os imprevistos
		Atende ás dificultades no momento no que se presentan	8%	Non presta atención ás dificultades dos alumnos/as	Identifica as dificultades pero non actúa correctamente	Identifica as dificultades e actúa no momento preciso

Observacións:

Propostas:

UD:	ESCALA DE OBSERVACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE				
INDICADORES	ESTÁNDAR	POUCAS VECES (1)	A VECES(2)	CASE SEMPRE (3)	SEMPRE (4)
MOTIVACIÓN INICIAL DOS ALUMNOS	Presenta e propón o plan de traballo e explica a súa finalidade.				
	Plantexa situacións introdutorias previas ao tema que se vai a tratar.				
MOTIVACIÓN AO LONGO DE TODO O PROCESO	Mantén o interese dos alumnos, usa estratexias para manter a súa atención ou reencauzala cunha linguaxe clara e adaptada.				
	Comunica a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, a súa funcionalidade e a súa aplicación real.				
PRESENTACIÓN DE CONTIDOS	Trata de relacionar os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.				
	Estrutura e organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema.				
	Facilita a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercala preguntas aclaratorias, sintetiza e exemplifica.				
ACTIVIDADES DE AULA	Plantexa actividades en coherencia cos obxectivos previstos e o desenvolvemento das habilidades e procedementos básicos.				
	Propón actividades variadas (de introdución, desenvolvemento e síntese).				
	Propón actividades individuais ou grupais axeitadas.				
RECURSOS E ORGANIZACIÓN DA AULA	Distribúe o tempo adecuadamente.				
	Adopta distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar e dos recursos a utilizar.				
	Utiliza recursos didácticos axeitados e interesantes tanto para a presentación dos contidos como para a prácticos dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.				
	Favorecendo o traballo autónomo dos alumnos/as.				
INSTRUCCIÓN, ACLARACIÓN E ORIENTACIÓN ÁS TAREFAS DO ALUMNADO	Comproba, de diferentes modos, que o alumnado comprende os conceptos fundamentais e/ou consignas: facendo preguntas, solicitando que verbalicen o necesario...				
	Facilita estratexias de aprendizaxe: respondendo ás peticións de axuda, indicando fontes de información, suxerindo pasos para resolver cuestións ou problemas, dando explicación adicionais...				
	Incentiva a participación activa de todo o alumnado, tanto no traballo individual como grupal.				
	Promove as preguntas dos nenos/as e propón situacións para que eles se plantexen dúbidas.				



## 5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na Educación Primaria porase especial énfase na Atención á Diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e, na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Para abordala, polo tanto, tomamos como marco de referencia o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.**

Así prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Deste xeito, entre as **MEDIDAS ORDINARIAS** empregaranse:

a) Medidas Organizativas:

- Adecuación da estrutura organizativa da aula.
- Espazos diferenciados.
- Agrupamentos flexibles.
- Materiais e recursos diferenciados.
- Reforzo e apoio dentro da aula.
- Reforzo e apoio fóra da aula, en casos excepcionais.

b) Medidas Curriculares:

- Atención personalizada.
- Adaptacións metodolóxicas.
- Adaptación dos instrumentos de avaliación.

E, unha vez esgotadas as anteriores e por ser esas insuficientes, teranse en conta **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS** tales como:

a) Medidas Organizativas:

- Reforzo e apoio fóra da aula por parte do profesorado de P.T. e A.L.
- Apoio para a adquisición da lingua no caso de alumnos/as estranxeiros recién incorporados.
- Escolarización domiciliaria ou combinada, se fose necesaria.

b) Medidas Curriculares:

- Adaptacións curriculares (ACI).
- Flexibilización horaria e de asistencia no caso de enfermidades, tratamentos, etc.
- Establecemento do protocolo de coordinación de todo o profesorado que imparte clases no grupo.

Ademais, levaranse a cabo actividades de reforzo e ampliación que atendan ás necesidades individuais de cada neno/a e aos seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

En primeiro lugar queremos que os nosos e nenas sexan os protagonistas da educación e da escola e pensamos que están por encima, incluso, de todo o que supón este documento. E por suposto, para o seu desenvolvemento e a súa aprendizaxe, queremos favorecer o seu benestar, o xogo libre e momentos de disfrute, pero sen esquecer os aprendizaxes individuais e colectivos.

Os discentes son moi diversos e, nesta diversidade, queremos favorecer unha educación personalizada e inclusiva, que teña en conta esas diferenzas individuais, os seus distintos ritmos de aprendizaxe, as competencias básicas e as intelixencias múltiples, os seus intereses e os seus estilos de aprendizaxe. É por iso polo que o centro debe rentabilizar os seus recursos, e así conta con tres mestras de Pedagogía Terapéutica e unha de Audición e Linguaxe que realizan apoios na aula ordinaria. Con todo, débese precisar que estes apoios irán encamiñados a fomentar hábitos de traballo autónomo, axeitados ao nivel de cada alumno atendido e coas axudas e guías axeitadas, para que, na medida do posible, poidan seguir o traballo plantexado a nivel xeral para toda a clase.

Neste apartado, é importante ter en conta:

Ás familias, mantendo relación e entrevistas constantes, porque a educación dun neno depende de toda a comunidade. Coñecer mellor ao neno/a e facer aportacións positivas, chegar a compromisos e acordos, seguir unha mesma metodoloxía...

A riqueza enorme de recursos e posibilidades de interacción co medio rural que nos permite a contorna, que ofrece a cada neno/a a posibilidade de interactuar con el, visualizar mellor e interiorizar así as súas aprendizaxes.

Os distintos estilos de aprendizaxe á hora de interactuar na aula e planificar as actividades. Cada neno/a ten desenvolvidas unhas ou outras intelixencias (capacidade lingüística, lóxico-matemática, representación espacial, pensamento musical, uso do corpo para resolver problemas e facer cousas, comprensión dos demais individuos, comprensión de si mesmo, interacción co entorno natural). Ao mesmo tempo, se o facemos deste xeito, estamos favorecendo a integración e a inclusión de todos e cada un dos membros do grupo, potenciando as súas cualidades.

Deste xeito, abordarase a atención á diversidade nas distintas áreas:

- Reforzando determinadas aprendizaxes básicas de ortografía, pronuncia correcta, cálculo, algoritmos... con recursos como:
- Realizando fichas de reforzo de lingua e matemáticas, elaboradas polo titor, de forma individualizada e seguindo directrices de orientación para cada caso concreto. Sería unha actividade a realizar na casa, sempre acordando o “cando” e o “como” coas familias en caso de comprometerse. De darse outras circunstancias, estas fichas elabóranse na aula e serán dirixidas a todo o alumnado, coa finalidade de impedir que se sintan diferentes.
- Alternando actividades teóricas con traballo práctico.

Ademais, antes de comezar unha actividade, asegurámonos de que todo o alumnado entendeu as tarefas. Para isto:

- Utilizaranse estratexias para captar a atención inicial, como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentaranse as actividades longas e limitaranse o número destas.
- Supervisarase frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilizaranse apoios e reforzos visuais na instrución oral
- Combinaranse actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Utilizaranse reforzos positivos para motivar, como eloxios públicos ou privados, colocar os seus traballos no taboleiro, levar os seus traballos á casa cunha felicitación...
- Utilizaranse frases curtas e claras e permanecer cerca.

- Implicarase ao alumnado con preguntas sinxelas nas que poidan obter éxito.
- Realizaranse listas de palabras elaboradas en carteis polo propio alumnado para mellorar a ortografía .
- Usaranse a miúdo de Software educativo: xogos de lingua, matemáticas, ciencias naturais, ciencias sociais e plástica, para reforzar os estándares do currículo.
- Reforzaranse as pronuncias incorrectas de certos fonemas (“r” e “s”) mediante cancións, retahílas e trabalinguas e outras orientacións a ter en conta, propostas pola orientadora do centro.
- Medidas para exercitar o pensamento matemático e o razoamento de problemas.
- Xogos de mesa (oca, parchís, damas, xadrez, cartas...)
- Xogos individuais de cálculo mental e aplicación de algoritmos en forma de crebacabezas, zapatillas que se atan seguindo instrucións de sumas e restas, uso do ábaco...
- Medidas de ampliación para nenos e nenas que rematan antes as actividades individuais.

Na área de Ciencias Naturais utilizaremos experimentos ao noso alcance, na medida do posible, e saídas ao entorno, cando o tempo o permita, que lles faciliten adquirir unha mellor asimilación e fixación das aprendizaxes.

Na área de Ciencias Sociais, para axudar a unha mellor asimilación dos conceptos novos, remataremos case sempre as unidades didácticas realizando talleres de construción de maquetas, que lles permitan visualizar mellor conceptos estudados.

Parécenos importante traballar as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal. Máis que chamarlles a atención polo que non saben ou queren facer e o fan mal, suxerimos substituír esas oracións negativas por outras positivas. Ao remate das unidades didácticas darlles a posibilidade de reflexionar sobre o que aprenderon, que cousas lles gustaron máis e que cousas, menos. Para conseguir unha mellora emocional e polo tanto ter maior manexo control e mellora da súa conduta, utilizaremos diferentes estratexias que consisten en:

- Amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente.
- Actuar como un modelo de conduta reflexiva.

- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Utilizar puntos para conseguir incentivos (poñer a data no encerado, marcar o día no calendario, prender o ordenador e o canón, repartir material, supervisar o traballo dos demais...).
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatizada.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas
- Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar algún tipo de acoso escolar.
- Facer un seguimento do seu traballo.
- Favorecer a súa integración cando a conduta é a adecuada e que os ignoren cando se portan mal.
- Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade
- Retirar da mesa calquera obxecto que poida servir de distracción.

## 6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Levaranse a cabo as que están previstas na Programación Xeral Anual, así como as saídas ao exterior da aula e ao contorno máis próximo: patio, leiras colindantes, camiño... e que poida ter interese no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

Ademais, participarse en actividades culturais, de animación lectora, obras de teatro ou outras de interese deportivo ou cultural que se oferten de xeito virtual e que poidamos aproveitar desde as aulas para o enriquecemento do currículo.

## 7. TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES

Esta programación incorporará o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén pola LOMCE, no proceso de aprendizaxe. Como é de agardar, a **comprensión lectora**, a **expresión oral e a escrita**, a **comunicación audiovisual** e as **TICs**, traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe a **Educación para a Saúde**, **Educación Vial**, **Educación para el Consumidor**, **Educación para la Paz**, **Educación para o Medio ambiente e o desenvolvemento sostible**, **Educación moral e cívica**, **promoción de igualdade de oportunidades**, **a non discriminación**, **a igualdade afectiva entre homes e mulleres e a prevención de violencia de xénero**, **a prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os eidos, rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

## 8. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

Co traballo na aula, contribuiremos aos distintos plans e proxectos do centro.

### PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (PLAN TIC)

É importante facer un bo uso das TIC, como recolle o ordenamento legal, utilizando as novas tecnoloxías partindo do alumnado e do currículo, baseados no Software libre, na ética e na educación en valores, como a solidariedade, o compartir, a honestidade, os dereitos e a liberdade no uso do coñecemento:

Utilizaremos o encerado dixital da aula para escribir e facer cálculos. Con frecuencia, utilizaranse recursos como a páxina web da Xunta“ **CONTIDOS EDUCATIVOS**”. E a miúdo se apoiarán os contidos das diferentes materias, coa visualización de vídeos didácticos, realización de LIM, SYMBALOO, etc.

Utilizaranse CD de audios da editorial e outros e acudiremos á aula de informática unha vez á semana.

Iniciaranse no tratamento de textos en WORD, como apoio para presentar traballos, cancións, etc., na búsqueda de información guiada desde o ordenador da aula, para proxectos e investigación.

Empregarase a calculadora.

## PROXECTO LECTOR

O centro programa sesións de 30 min todas os días, para que todos os alumnos/as do centro dediquen á lectura. Así, distribuiremos o tempo do seguinte xeito:

LUNS	Lectura colectiva dun mesmo libro para todos, en galego e castelán, e o seu posterior comentario con actividades de comprensión oral de tipo obxectivo e de tipo inferencial.
MARTES	Lectura individualizada e silenciosa dos libros da biblioteca de aula. Ficha do libro que inclúa autor, título, editorial, protagonista, outros personaxes, argumento e un debuxo do que máis lles gustou. Exposición oral ante o grupo clase da impresión que lle causou o libro.
MÉRCORES	Lectura en diferentes soportes de textos diversos: poemas, trabalinguas, adiviñas, cantigas...Comentarioe actividades de comprensión, memorización e recitado.
XOVES	Lectura silenciosa ou colectiva en soporte dixital, audiolibro, creación de contos...
VENRES	Textos, vídeos, carteis... relacionados cos distintos proxectos e actividades, conmemoracións,...

## PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Desde a aula, contribuiremos á mellora da competencia en comunicación lingüística do alumnado fomentando o uso da lingua galega a través de actividades de interese para o alumnado como exposicións orais, producións plásticas e dramatizacións. Ademais participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega como no Día das Letras Galega, o día de Rosalía...

## PLAN DE BIBLIOTECA

A **lectura** ocupa un lugar destacado neste curso e é prioritario para nós como ensinantes levar a cabo actividades de animación á lectura.

Diariamente facer lectura en voz alta, tanto o mestre/a como os nenos e nenas, de textos que nos parezan interesantes e logo comentalos.

Todos os días dedicarase un tempo á lectura silenciosa na aula, podendo aproveitar enunciados de actividades individuais en calquera materia que nos pareza convinte.

Renovarase periodicamente libros e outro material impreso (carteis, murais, mapas), que inciten á súa lectura.

Usarase polo menos un día á semana a técnica do texto libre (é motivador que o mestre/a comece algún conto e o deixe para que a eles/as lles apeteza continualo).

Realizaranse libros (contos libres ou dirixidos, individuais ou de grupo, de poemas, de adiviñas, de trabalinguas) que poden ser de creación propia ou de recollida de información dos nosos pobos.

Realizaranse murais e carteis que recollan normas ortográficas e palabras que nos interesan resaltar pola súa ortografía.

Realizarase un dicionario coas palabras novas que van xurdindo, que deben definir con outras palabras ou debuxos alusivos e suxerentes, para logo colocalas por orde alfabética.

Faranse xogos de palabras, orais e escritos: palabras encadeadas, teléfono estragado crear o máximo número de palabras con certas letras dadas nun tempo dado, arriba o lapis ( poñer palabras que comecen por unha letra dada), adiviñar palabras con definicións nas que non se poden usar certas outras...

Participaremos con compañeiros/as doutros niveis, en actividades de lectura en voz alta, dentro da aula e por videoconferencia.

Faranse lecturas de soporte dixital (Internet, lectura en pantalla) e escoitaranse textos orais complementados e acompañados de imaxes.

### Proxecto lector de aula

Ofrecen a oportunidade de ler a toda a familia, resaltando así o papel que esta ten na motivación ante a lectura. Farase por semanas e seguindo un riguroso orde de lista, comezando polo elexido ao chou. O neno/a que lle toque, contaralle aos seus



compañeiros o libro que está lendo na casa coa súa familia podendo aportar diferente material ilustrativo que acompañe a súa explicación.

Ademais, se cada día, de xeito responsable len nas súas casas, convertiranse en leóns e leas e poderán ir poboando unha árbore de follas, flores, insectos... en función de se o logro é a responsabilidade colectiva, responsabilidade individual ou o disfrute e gozo da lectura.

Do mesmo xeito, participaremos nas actividades que se propoñan desde o Equipo de Biblioteca, EDLG, EACE,... para a mellora da competencia lectora.

## PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A convivencia é un obxectivo formativo e fundamental no proceso educativo.

1º) Para conquerilo con efectividade, na programación de aula incluimos actividades colectivas relativas a:

- **Xestión do grupo:** Solución de conflitos, normas...de casos reais que se presentan dentro e fóra da aula. Debates que suxiran procesos de reflexión, sobre casos reais e hipotéticos. Planificación e revisión de normas de conduta mediante asembleas, a calquera nivel: escolar, familiar ou social
- **Actividades cooperativas** na aula que necesitan de todos ou parte do grupo e, para a súa realización,teremos en conta as aprendizaxes previas, as competencias básicas, as intelixencias múltiples, os intereses e as preferencias individuais, que valoren o papel de todos e cada un dos implicados. Así, por exemplo, poderemos facer:
  - o Obras de arte e festivais
  - o Traballos en grupo
  - o Investigacións
- **Acordos coas familias** e especificar en que nos comprometemos a axudar para facilitarlle o proceso educativo aos nosos nenos e nenas:
- **Criterios educativos comúns**, sobre todo en hábitos de traballo, alimentación e hixiene. Loitar por modelos coherentes de comportamento.
- **Contacto permanente** e diario gracias ao papel das **axendas escolares**.

- **Coordinación permanente** para a realización de actividades dentro e fóra da aula como:

- o Traballos plásticos
- o Elaboración de murais
- o Exposicións
- o Disfraces

2º) Actuacións individuais para tratar casos concretos de comportamentos anómalos. Este grupo en xeral é moi tranquilo, epode resumirse en chamadas de atención puntuais e nada significativas.

Nestes e outros casos que se presenten, propoñemos:

- o Amosar unha **actitude tolerante, flexible e paciente**.
- o Actuar como un **modelo de conduta reflexiva**.
- o Evitar as recriminacións verbais, **corrixir en privado e felicitar en público**.
- o **Ignorar os comportamentos** e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
- o Anticiparse e **prever situacións** que poidan presentar problemas adxudicándolle **tarefas deresponsabilidade**, borrar o encerado, repartir cadernos, prender o ordenador, mandalo a un recado a outrolugar fóra da aula, que permitan a súa mobilidade e que faga que esqueza pronto o capricho.
- o **Evitar** a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización, por parte dos demais cara el.
- o Realizar **entrevistas periódicas individuais** con el, sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para **detectar o nivel de integración dentro do grupo**.
- o Facer un **seguimento das súas condutas, anotándoas todas** tal e como se produciron.
- o Favorecer a súa **integración** cando a conduta é a adecuada e conseguir **que os demais o ignoren candose porta mal**.
- o Chegar a **acordos con contratos de conduta** adaptados á súa idade.
- o **Retirar** da mesa calquera **obxecto** que poida servirle de **distracción**.
- o Estar o **máis próximo** a el posible.

- o De non dar resultado todo isto, poñerase en marcha a aula de convivencia, a que debe acudir tras facer un informe detallado dos porqués deste decisión.

## PROXECTO DE CENTRO: TILANDRA NO CAMIÑO

Este curso, o proxecto de centro titúlase “TILANDRA NO CAMIÑO”.

Terase moi en conta a atención emocional do alumnado e o coñecemento que teñen do Camiño, polo que presentaremos actividades que lles faciliten aos nenos e nenas entender por que as persoas fan o Camiño.. Deste xeito, realizaremos actividades como a expresión artística , diferentes situacións cotiás coas que se sintan identificados...

Así mesmo, daremos continuidade facer ao proxecto de aula sobre Educación Vial relacionado con este proxecto de centro, de xeito que poidamos coñecer as normas de seguridade vial ao mesmo tempo que poñer en práctica a xestión das emocións, a actitude positiva e a concienciación da importancia desta para mellorar a convivencia social, a colaboración cidadá e a responsabilidade colectiva para a mellora da saúde emocional na rúa, adquirindo estratexias de xestión de emocións negativas converténdooas en positivas.

## 9. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Para o desenvolvemento da nosa programación didáctica do mellor xeito posible, levaremos a cabo diferentes mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica. Para isto, realizaremos unha revisión trimestral coa súa posterior modificación, se fora o caso.

Ademais, realizarase a escala de observación en cada unidade didáctica sobre a práctica docente e o sobre o proceso de ensino e aprendizaxe de xeito que se poderán facer aportación ou eliminación de contidos con respecto ó previsto, en calquera momento que se considere oportuno.

Así mesmo, para avaliar a planificación da miña proposta pedagóxica, levarei a cabo distintos mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos a través dunha rúbrica e o análise da praxe educativa

en base aos resultados obtidos polo alumnado na súa avaliación para poder facer, así, unha proposta de mellora a través dun informe escrito trimestral.

## RÚBRICA PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

INDICADORES	ESTÁNDARES	1	2	3	4
AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	Fago avaliación inicial ao principio de curso				
	Propoño plan de traballo para cada unidade				
	Planifico situacións introdutorias previas ao tema				
	Aproveito o interese dos alumnos por un tema determinado para utilizalo como centro de interese				
	Manteño o interese do alumnado				
	Relaciono contidos e actividades cos coñecementos previos				
	Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes				
	Proporciono estratexias e ferramentas para que os alumnos descubran os contidos				
	Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos e, en función del adapto o proceso de ensino-aprendizaxe				
	Cando a motivación decae propoño actividades divertidas e curiosas				
	Dou información dos progresos e das dificultades atopadas				
	Obsérvanse as actividades dos alumnos				
	Proporciono ao alumnado as rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar				
	Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo				
	Lévase rexistro da observación sistemática				
	Fanse entrevistas co alumnado				
	Fanse probas orais				
	Fanse probas escritas sobre pequenos bloques				
	Fanse probas escritas sobre grandes bloques				
	Tense en conta a existencia de probas doutras materias para colocar a da propia				
Son accesible ás familias					
<b>OBSERVACIÓN:</b> 1 Poucas veces, 2 Frecuentemente, 3 Case sempre, 4 Sempre					

INDICADORES	ESTÁNDARES				
	1	2	3	4	
ORGANIZACIÓN DA AULA E APROVEITAMENTO DE RECURSOS	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos				
	Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas aportacións				
	Distribúo o tempo axeitadamente				
	Adopto distintos tipos de agrupamento en función da tarefa a realizar				
	Organizo o espazo físico da aula en función das actividades a realizar				
	Utilizo recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica dos alumnos				
	A metodoloxía é activa: proxectos, traballos colaborativos, ...				
	As actividades propostas están equilibradas entre individuais e grupais				
	Reviso e actualizo a programación coas melloras introducidas durante o curso				
	Deseño os meus propios instrumentos de avaliación				
	Emprego ferramentas informáticas para obter as cualificacións e niveis competenciais				
Entrego os meus instrumentos de avaliación ás familias					
AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN	Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/proxectos				
	O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas				
	Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD ou proxectos				
	Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
	Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
	Adecuación dos diferentes instrumentos empregados para a avaliación de cada estándar				
	Adecuación da metodoloxía				
	A metodoloxía foi común para todo o departamento				
	Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
	Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
	Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
	Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
	Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas				
	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias				
<b>OBSERVACIÓN:</b> 1 Deficiente, 2 Mellorable, 3 Boa en moitos casos, 4 Boa en todos os casos					

## 10. REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.
- Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

## ANEXO 1. PERFILES DE ÁREAS

### PERFIL DE ÁREA

Área:		<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>		
Nivel	Área	Estándar	Grao mínimo (indicador de logro)	Criterio
Bloque 1: Comunicación oral: Falar e escoitar				
2º	LC	2º-LCB1.1.1-Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.	LC-B1.1
2º	LC	2º-LCB1.1.2-Aplica as normas socio-comunicativas: escoita, espera de quendas.	Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.	LC-B1.1
2º	LC	2º-LCB1.2.1-Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.	Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	LC-B1.2
2º	LC	2º-LCB1.2.2-Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.	Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.	LC-B1.2
2º	LC	2º-LCB1.3.1-Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos ,exposicións orais guiadas...	LC-B1.3
2º	LC	2º-LCB1.4.1-Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	LC-B1.4
2º	LC	2º-LCB1.4.2-Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	LC-B1.4
2º	LC	2º-LCB1.5.1-Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	Comprende a información xeral dun texto oral sinxelo.	LC-B1.5
2º	LC	2º-LCB1.5.2-Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos.	Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios....	LC-B1.5
2º	LC	2º-LCB1.5.3-Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	LC-B1.5
2º	LC	2º-LCB1.6.1-Iniciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.	Iniciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.	LC-B1.6
2º	LC	2º-LCB1.6.2-Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	.Recoñece, con axuda, o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil.	LC-B1.6
2º	LC	2º-LCB1.7.1-Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria textos (literarios e non literarios) sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	LC-B1.7



2º	LC	2º-LCB1.8.1-Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática.	Iniciase na representación dramática	LC-B1.8
2º	LC	2º-LCB1.9.1-Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas.	Elabora textos orais moi sinxelos de ámbito escolar.	LC-B1.9
2º	LC	2º-LCB1.9.2-Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.	Organiza o discurso cunha secuencia coherente.	LC-B1.9
2º	LC	2º-LCB1.10.1-Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa.	LC-B1.10
2º	LC	2º-LCB1.11.1-Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta.	LC-B1.11
Bloque 2: Comunicación escrita: ler				
2º	LC	2º-LCB2.1.1-Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	Le en voz alta textos sinxelos coa pronunciación e entoación axeitadas.	LC-B2.1
2º	LC	2º-LCB2.1.2-Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.	LC-B2.1
2º	LC	2º-LCB2.2.1-Identifica o tema dun texto sinxelo.	Identifica, con axuda, o tema dun texto sinxelo.	LC-B2.2
2º	LC	2º-LCB2.2.2-Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	Distingue diversos tipos de textos (diálogos, descrições, narracións...) .	LC-B2.2
2º	LC	2º-LCB2.3.1-Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	LC-B2.3
2º	LC	2º-LCB2.3.2-Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes	Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións.	LC-B2.3
2º	LC	2º-LCB2.3.3-Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	Relaciona a información das ilustracións coa do texto.	LC-B2.3
2º	LC	2º-LCB2.4.1-Dedica, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.	Dedica momentos de lecer para a lectura voluntaria.	LC-B2.4
2º	LC	2º-LCB2.4.2-Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	LC-B2.4
2º	LC	2º-LCB2.5.1-Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.	Consulta na biblioteca, de xeito guiado, para obter información sobre libros do seu interese.	LC-B2.5
2º	LC	2º-LCB2.6.1-Coida, conserva e organiza os seus libros.	Coida os seus libros.	LC-B2.6
2º	LC	2º-LCB2.7.1-Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.	Diferenza, con axuda, entre información e publicidade.	LC-B2.7

2º	LC	2º-LCB2.7.2-Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.	Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de textos, axeitados á súa idade.	LC-B2.7
2º	LC	2º-LCB2.8.1-Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.	Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.	LC-B2.8
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir				
2º	LC	2º-LCB3.1.1-Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios	Escribe, con axuda, textos sinxelos propios da vida cotiá.	LC-B3.1
2º	LC	2º-LCB3.1.2-Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.	Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.	LC-B3.1
2º	LC	2º-LCB3.2.1-Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	LC-B3.2
2º	LC	2º-LCB3.3.1-Utiliza borradores que amosan a xeración e selección de ideas e a revisión ortográfica na escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.	Utiliza borradores para a escritura de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal, social e escolar.	LC-B3.3
2º	LC	2º-LCB3.4.1-Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda.	Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas.	LC-B3.4
2º	LC	2º-LCB3.4.2-Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.	Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.	LC-B3.4
2º	LC	2º-LCB3.6.1-Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.	Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir textos moi sinxelos.	LC-B3.5
Bloque 4: Coñecemento da lingua				
2º	LC	2º-LCB4.1.1-Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	LC-B4.1
2º	LC	2º-LCB4.1.2-Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.	Utiliza os tempos verbais en textos orais e escritos.	LC-B4.1
2º	LC	2º-LCB4.2.1-Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.	Utiliza sinónimos e antónimos, na expresión oral e escrita.	LC-B4.2
2º	LC	2º-LCB4.2.2-Forma palabras compostas a partir de palabras simples.	Forma palabras compostas a partir de palabras simples.	LC-B4.2
2º	LC	2º-LCB4.2.3-Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.	Identifica o suxeito e o predicado nas oracións simples.	LC-B4.2
2º	LC	2º-LCB4.3.1-Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.	Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel.	LC-B4.3
2º	LC	2º-LCB4.4.1-Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.	Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.	LC-B4.4

2º	LC	2º-LCB4.4.2-Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.	Utiliza, con axuda, signos de puntuación nos seus escritos.	LC-B4.4
2º	LC	2º-LCB4.4.3-Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	Utiliza unha sintaxe básica nos seus escritos.	LC-B4.4
2º	LC	2º-LCB4.5.1-Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.	Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.	LC-B4.5
2º	LC	2º-LCB4.6.1-Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	Compara aspectos das linguas que coñece.	LC-B4.6
Bloque 5: Educación Literaria				
2º	LC	2º-LCB5.1.1-Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas	Valora de forma global, textos da literatura infantil (contos, cancións, poemas, adiviñas)	LC-B5.1
2º	LC	2º-LCB5.2.1-Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	Inicia a lectura guiada de textos literarios	LC-B5.2
2º	LC	2º-LCB5.2.2-Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)	Interpreta, e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	LC-B5.2
2º	LC	2º-LCB5.3.1-Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, refráns, adiviñas	LC-B5.3
2º	LC	2º-LCB5.5.1-Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	LC-B5.5
2º	LC	2º-LCB5.6.1-Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.	Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.	LC-B5.6
2º	LC	2º-LCB5.7.1-Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.	Fai dramatizacións individuais e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.	LC-B5.7
2º	LC	2º-LCB5.8.1-Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega.	LC-B5.8

## PERFIL DE ÁREA

Área: **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

Nivel	Área	Estándar	Grao mínimo (indicador de logro)	Criterio
Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar				
2º	LG	2º-LGB1.1.1-Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.		LG-B1.1
2º	LG	2º-LGB1.1.2-Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.		LG-B1.1
2º	LG	2º-LGB1.2.1-Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.		LG-B1.2
2º	LG	2º-LGB1.3.1-Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.		LG-B1.3
2º	LG	2º-LGB1.3.2-Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.		LG-B1.3
2º	LG	2º-LGB1.3.3-Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.		LG-B1.3
2º	LG	2º-LGB1.3.4-Participa no traballo en grupo.		LG-B1.3
2º	LG	2º-LGB1.4.1-Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.		LG-B1.4
2º	LG	2º-LGB1.4.2-Respecta as opinións da persoa que fala.		LG-B1.4
2º	LG	2º-LGB1.5.1-Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.		LG-B1.5
2º	LG	2º-LGB1.5.2-Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.		LG-B1.5
2º	LG	2º-LGB1.5.3-Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.		LG-B1.5
2º	LG	2º-LGB1.5.4-Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.		LG-B1.5
2º	LG	2º-LGB1.5.5-Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas.		LG-B1.5

2º	LG	2º-LGB1.5.6-Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	LG-B1.5
2º	LG	2º-LGB1.6.1-Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	LG-B1.6
2º	LG	2º-LGB1.7.1-Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	LG-B1.7
2º	LG	2º-LGB1.8.1-Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.	LG-B1.8
2º	LG	2º-LGB1.9.1-Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	LG-B1.9
2º	LG	2º-LGB1.9.2-Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	LG-B1.9
2º	LG	2º-LGB1.10.1-Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	LG-B1.10
2º	LG	2º-LGB1.10.2-Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	LG-B1.10
Bloque 2: Comunicación escrita: ler			
2º	LG	2º-LGB2.1.1-Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.	LG-B2.1
2º	LG	2º-LGB2.1.2-Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	LG-B2.1
2º	LG	2º-LGB2.1.3-Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).	LG-B2.1
2º	LG	2º-LGB2.2.1-Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	LG-B2.2
2º	LG	2º-LGB2.3.1-Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.	LG-B2.3
2º	LG	2º-LGB2.3.2-Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.	LG-B2.3
2º	LG	2º-LGB2.3.3-Fai lecturas dramatizadas de textos.	LG-B2.3
2º	LG	2º-LGB2.4.1-Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	LG-B2.4
2º	LG	2º-LGB2.4.2-Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos	LG-B2.4

2º	LG	2º-LGB2.5.1-Coida, conserva e organiza os seus libros.	LG-B2.5
2º	LG	2º-LGB2.6.1-Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.	LG-B2.6
2º	LG	2º-LGB2.7.1-Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias.	LG-B2.7
2º	LG	2º-LGB2.7.2-Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.	LG-B2.7
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir			
2º	LG	2º-LGB3.1.1-Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.	LG-B3.1
2º	LG	2º-LGB3.1.2-Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.	LG-B3.1
2º	LG	2º-LGB3.1.3-Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.	LG-B3.1
2º	LG	2º-LGB3.1.4-Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	LG-B3.1
2º	LG	2º-LGB3.1.5-Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.	LG-B3.1
2º	LG	2º-LGB3.2.1-Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	LG-B3.2
2º	LG	2º-LGB3.3.1-Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LG-B3.3
2º	LG	2º-LGB3.4.1-Illustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.	LG-B3.4
2º	LG	2º-LGB3.5.1-Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	LG-B3.5
2º	LG	2º-LGB3.5.2-Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LG-B3.5
Bloque 4: Coñecemento da lingua			
2º	LG	2º-LGB4.1.1-Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.	LG-B4.1
2º	LG	2º-LGB4.1.2-Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	LG-B4.1

2º	LG	2º-LGB4.1.3-Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	LG-B4.1
2º	LG	2º-LGB4.1.4-Sinala o xénero e número de palabras dadas	LG-B4.1
2º	LG	2º-LGB4.2.1-Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LG-B4.2
2º	LG	2º-LGB4.3.1-Recoñece a relación entre son e grafía.	LG-B4.3
2º	LG	2º-LGB4.3.2-Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	LG-B4.3
2º	LG	2º-LGB4.4.1-Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	LG-B4.4
2º	LG	2º-LGB4.5.1-Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	LG-B4.5
Bloque 5: Educación literaria			
2º	LG	2º-LGB5.1.1-Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	LG-B5.1
2º	LG	2º-LGB5.1.2-Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	LG-B5.1
2º	LG	2º-LGB5.2.1-Le de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora	LG-B5.2
2º	LG	2º-LGB5.2.2-Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	LG-B5.2
2º	LG	2º-LGB5.3.1-Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	LG-B5.3
2º	LG	2º-LGB5.4.1-Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	LG-B5.4
2º	LG	2º-LGB5.5.1-Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.	LG-B5.5
2º	LG	2º-LGB5.6.1-Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	LG-B5.6

## PERFIL DE ÁREA

Área:		<b>MATEMÁTICAS</b>		
Nivel	Área	Estándar	Grao mínimo (indicador de logro)	Criterio
Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
2º	MT	2º-MTB1.1.1-Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	MT-B1.1
2º	MT	2º-MTB1.2.1-Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.	Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado.	MT-B1.2
2º	MT	2º-MTB1.3.1-Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.	MT-B1.3
Bloque 2: Números				
2º	MT	2º-MTB2.1.1-Le, escribe e ordena números ata o 999.	Le, escribe e ordena números ata o 999.	MT-B2.1
2º	MT	2º-MTB2.1.2-Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	MT-B2.1
2º	MT	2º-MTB2.1.3-Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes	Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes	MT-B2.1
2º	MT	2º-MTB2.2.1-Utiliza os números ordinais en contextos reais.	Utiliza os números ordinais en contextos reais.	MT-B2.2
2º	MT	2º-MTB2.2.2-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	MT-B2.2
2º	MT	2º-MTB2.2.3-Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	MT-B2.2
2º	MT	2º-MTB2.2.4-Identifica os números pares e os impares.	Identifica os números pares e os impares.	MT-B2.2
2º	MT	2º-MTB2.3.1- Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	MT-B2.3
2º	MT	2º-MTB2.3.2-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	MT-B2.3
2º	MT	2º-MTB2.3.3-Resolve operacións con cálculo mental.	Resolve operacións con cálculo mental.	MT-B2.3



2º	MT	2º-MTB2.4.1-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	MT-B2.4
2º	MT	2º-MTB2.4.2-Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	MT-B2.4
Bloque 3: Medida				
2º	MT	2º-MTB3.1.1-Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	Coñece o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	MT-B3.1
2º	MT	2º-MTB3.2.1-Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	Coñece o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	MT-B3.2
2º	MT	2º-MTB3.3.1-Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade	Coñece o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade	MT-B3.3
2º	MT	2º-MTB3.4.1-Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)	Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)	MT-B3.4
2º	MT	2º-MTB3.4.2-Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.	Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación.	MT-B3.4
2º	MT	2º-MTB3.5.1-Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	MT-B3.5
2º	MT	2º-MTB3.6.1-Resolve problemas sinxelos de medida.	Resolve problemas sinxelos de medida.	MT-B3.6
2º	MT	2º-MTB3.6.2-Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	MT-B3.6
Bloque 4: Xeometría				
2º	MT	2º-MTB4.1.1-Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.	Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.	MT-B4.1
2º	MT	2º-MTB4.2.1-Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	MT-B4.2
2º	MT	2º-MTB4.3.1-Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	MT-B4.3
2º	MT	2º-MTB4.4.1-Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.	MT-B4.4
2º	MT	2º-MTB4.5.1-Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	MT-B4.5
